

# Maria Boguszewicz

---

## A difusión e a recepción dos primeiros textos impresos en galego no século XIX

---

Itinerarios. Revista de estudios lingüísticos, literarios, históricos y antropológicos nr 9, 227-245

---

2009

Artykuł został opracowany do udostępnienia w internecie przez Muzeum Historii Polski w ramach prac podejmowanych na rzecz zapewnienia otwartego, powszechnego i trwałego dostępu do polskiego dorobku naukowego i kulturalnego. Artykuł jest umieszczony w kolekcji cyfrowej [bazhum.muzhp.pl](http://bazhum.muzhp.pl), gromadzącej zawartość polskich czasopism humanistycznych i społecznych.

Tekst jest udostępniony do wykorzystania w ramach dozwolonego użytku.

## A DIFUSIÓN E A RECEPCIÓN DOS PRIMEIROS TEXTOS IMPRESOS EN GALEO NO SÉCULO XIX

**Resumen:** Despois dos Séculos Escuros pero aínda antes de producirse o Rexurdimento, na primeira metade do século XIX, apareceu na prensa local e nas follas soltas unha serie de textos impresos na lingua galega, a maioría de contido político e de carácter propagandístico. Galicia era daquela un país eminentemente rural onde máis do 90% da poboación estaba asentada no campo. De todas as clases da sociedade galega decimonónica, anque case a totalidade coñecía o galego, era monolingüe en galego só o campesiñado. Recurrir ao galego nuns textos políticos tiña sentido unicamente ao dirixirse precisamente a esta camada baixa. Como os labregos galegos naquela época eran maioritariamente analfabetos, os modos de difusión destes textos debían de ser fundamentalmente orales. Os textos en cuestión necesitaban un lector interposto que lía o seu contido a un auditorio máis ou menos amplo. A súa intención era pasar á cultura popular onde ían circular pola vía oral. Por ello, ditos textos adoptaban unhas formas e recollían unhas motivos presentes na literatura popular galega. Carecemos das probas que confirmarían o éxito ou o fracaso desta táctica. Tampouco coñecemos o efecto producido por estes textos nos seus receptores. De modo que a intención deste traballo é a reconstrución da difusión e da recepción dos textos do prerrexurdimento a base de fontes indirectas polo que as conclusións presentadas aquí non poden ser máis que hipotéticas.

**Palabras clave:** prerrexurdimento galego, historia de lectura na lingua galega, historia social da lingua galega, historia de Galicia, literatura popular galega

**Title:** Distribution and reception of first texts printed in Galician language

**Abstract:** Text in Galician language came out in print in local press and transitory prints in first half of XIX century After Dark Centuries (*Séculos Escuros*), but before Renaissance (*Rexurdimento*). Most of them are texts on politics and have progaganda character. In that times over 90% of population lived in the country, and agriculture was the main branch of economy. In spite of the fact that in first half of XIX century almost all inhabitants knew Galician language, only peasantry didn't know Castilian language. The use of Galician language in politics texts coming from that period of time may be only caused by demand of reaching of this lowest social class. Most of Galician peasants were illiterates, thus texts had to mainly take advantage of oral remittance. However to let them reach oral circuit, they had to take advantage of mediation of literate person and fulfill criteria of oral remittance. The character of texts was determined by the kind of recipients and way of remittance. The texts with its form, motives and style reminded folk creation. Anyway we don't possess sources that confirm range and influence of these texts on Galician peasantry. For this reason, present article undertakes effort only to supposedly reconstruct the distribution and reconstruction of first texts printed in Galician language in the XIX century.

**Key words:** pre-Renaissance Galician, history of reading in Galician language, social history of Galician language, history of Galicia, popular Galician literature

Despois do *século de ouro* galego, que foi a época medieval para a literatura galega, comeza un período de decadencia ata unha desaparición case completa do galego da escrita. Durante os chamados Séculos Escuros, a literatura en lingua galega practicamente deixa de existir. Pese ao gran traballo que fixo o Padre Sarmiento pola cultura galega, haberá que esperar ata principios do século XIX para ver o galego en papel impreso<sup>1</sup>. A Guerra da Independencia significa o gran despertar da imprenta e da prensa en Galicia, o que trouxo consigo tamén o uso do galego na vida pública. A partir daquel momento, o galego estará cada vez máis presente na escrita ata desembocar no gran movemento literario que é o Rexurdimento. Esas primeiras décadas do século XIX son un momento moi especial na historia social da lingua galega. Trátase dunha etapa de transición entre o concepto dunha lingua integralmente coloquial e unha lingua apta para o rexistro culto. A pesar de que se trata dun período clave para a cultura galega, estes textos impresos de comezos do século XIX non foron ben estudados ata agora. Os primeiros achegamentos neste sentido foron realizados por Ricardo Carballo Calero, pero o seu traballo require unha revisión profunda. Nos manuais de literatura galega, ben non se menciona esa *infraliteratura*, ben concédeselle pouca importancia, ben concédeselle unha importancia esaxerada<sup>2</sup> pero, en calquera caso, non se trata no seu debido contexto. Os únicos estudosos que a analizaron detidamente son Ramón Mariño Paz e Rosa Aneiros Díaz, ambos desde perspectivas diferentes: o profesor Mariño Paz fixo unha análise lingüística deses textos e, pola súa banda, Rosa Aneiros realizou unha análise dentro do campo das ciencias de comunicación. Esa precaria situación dos estudos dedicados aos primeiros textos en galego na época contemporánea vai mudar agora, pois xa está en preparación unha edición crítica do Consello da Cultura Galega, onde estes textos se analizarán desde as perspectivas histórica, lingüística e da comunicación<sup>3</sup>.

A intención do presente estudo non é tanto un achegamento aos mesmos textos como aos seus lectores, sempre tendo en conta que se trata duns lectores específicos, uns lectores-ouvintes que sería máis exacto chamar “o público”. Os destinatarios deses textos son as clases baixas, as masas analfabetas do campo e, en menor grao, das cidades, que requiren un intermediario letrado. Deste xeito, temos que tomar en consideración que a recepción se produce polo menos en dúas etapas: a de lector e a de ouvinte. Así mesmo, cómpre contemplar o problema das posibles recepcións consecutivas que serían o efecto da memorización e transmisión oral con todas as consecuencias que iso implica, a saber: o cambio de contexto, de contido e de forma.

<sup>1</sup> Aínda que é certo que existía unha produción escrita en galego nos Séculos Escuros, estes textos non chegaron a ser publicados ou, polo menos, non foron escritos con tal intención polo tanto non podían dialogar entre si (Monteagudo 1999: 232-233).

<sup>2</sup> Trátase da tendencia á confusión de texto e texto literario: “[Nunha situación diglósica] algúns textos, moitos textos, son valorados pola comunidade coma textos literarios, e coma tales son conservados [...]” (Figueroa 1988: 21). Pódese aplicar igualmente ao teatro onde, dada a súa precariedade, algúns estudosos incluían os faladoiros (Tato Fontaiña 2000: 40).

<sup>3</sup> De feito, xa se publicou o conxunto destes textos na recente edición do Consello da Cultura Galega (Aneiros Díaz 2008), pero son unicamente os textos transcritos, non a investigación sobre eles que aínda agardamos.

Todos os textos que foron analizados neste estudo son da primeira metade do século XIX, precisamente ata o ano 1840, cando inicia a súa actividade a xeración dos provincialistas<sup>4</sup>. A partir dese momento, o uso do idioma galego cambia de función e, consecuentemente, tamén de destinatario. O período sinalado comprende tres fases nas que apareceron os textos impresos en galego: 1810-1814, 1820-1823 e 1833-1840. Durante a Guerra da Independencia, o galego aparece sobre todo en folletos e en follas voantes. Debido a ese formato especialmente pouco duradeiro e ao seu carácter circunstancial, poucos textos daquela época podían chegar ata os nosos tempos. Conservamos algúns do Trienio Liberal, cando a produción en galego se dá principalmente na prensa da época, caracterizada pola práctica ausencia de tendencia conservadora. Non é así na terceira fase, na que a prensa liberal e a conservadora compiten entre si, aínda que o uso do galego nesa última é mínimo. De todos os demais períodos comprendidos entre 1800 e 1840, dada a falta de liberdade de expresión, non conservamos ningún texto que estea escrito e impreso en galego. No conxunto dos textos aparecidos na primeira metade do século XIX podemos distinguir cinco grupos:

1. Conversacións e tertulias (chamadas tamén diálogos ou parolas)
2. Poemas
3. Artigos xornalísticos
4. Frases, proverbios e versos soltos
5. Panxoliñas.

Un caso especial constitúe *A casamenteira* de Antonio Benito Fandiño, xa que foi publicada en 1849. Porén, inclúo ese texto no estudo porque sabemos que foi escrito en 1812 e podemos supor que tamén foi representado antes da súa publicación<sup>5</sup>. Polo tanto, aínda que non se imprimiu no período estudado, si puido chegar ao público. De todos os xeitos, podemos estar seguros de que o autor escribiu a obra coa intención de ser representada, xa que o fixo por encargo. Evidentemente, *A casamenteira* tampouco pode clasificarse dentro dun dos cinco grupos expostos arriba. No entanto, como se trata dun caso illado, non pode constituír un grupo á parte.

Para delimitar o campo de estudo, adoptouse como criterio o contacto do texto co seu público. Foron atendidos todos os textos que chegaron a ser publicados ou, no caso das panxoliñas, e se cadra de *A casamenteira*, representados no período estudado. Polo tanto, foron excluídos os manuscritos descubertos posteriormente, como os poemas de Antonio Arias Teixeira e Nicomedes Pastor Díaz. Actualmente, a mellor fonte destes textos é a xa mencionada edición do

<sup>4</sup> Non hai acordo na data de inicio do Rexurdimento e varios estudosos fíxana de diferente maneira. Méndez Ferrín chega a dicir: “Sarmiento é o que asume a función da defensa do galego e crea o Rexurdimento da literatura galega” (2005: 45). No entanto, na literatura adóitase fixar o inicio do Rexurdimento coincidindo coa data de publicación de Cantares gallegos de Rosalía de Castro (1863) pero, dende o punto de vista histórico, aínda que o levantamento provincialista se produce no ano 1846, o provincialismo como un movemento político xorde xa en 1840. Así e todo, en sociolingüística óptase por unha periodización diferente na que os anos 1808-1840 constitúen o período de transición ao que seguen os períodos de eclosión (1840-1880), de emerxencia (1880-1915) e, finalmente, de modernización, elevación e expansión (1915-1936) (Monteagudo 1999: 342). Tamén Ramón Mariño Paz na súa Historia da lingua galega escolle esta data como o principio do Rexurdimento (1998: 377).

<sup>5</sup> É a opinión de Laura Tato Fontañá (2000: 54). Esa hipótese vese reforzada polo caso do Entremés famoso da pesca no río Miño que, aínda que é unha obra propiamente literaria e que seguramente foi representada, tampouco chegou a ser impresa no seu tempo (Monteagudo 1999: 233).

Consello da Cultura Galega. Outra posible fonte é a tese de doutoramento do profesor Mariño Paz<sup>6</sup> onde está transcrita a maioría dos textos da primeira metade do século XIX coñecidos ata o momento. Unha parte destas obras foi publicada en novas edicións ou en edicións facsímiles. *Un labrador que foi sarxento aos soldados do novo alistamento*, inclúeo *El idioma gallego* de Antonio de la Iglesia. Finalmente, algunhas tertulias e poemas foron consultados nas revistas *Grial*, *Trabe de Ouro* e *Cuadernos de Estudios Gallegos*.

A historia da lectura é un campo de investigación especialmente arriscado, cunha gran marxe de erro, xa que se trata dun proceso espontáneo. Dada a cantidade mínima dos posibles documentos, hai que basearse en informacións fragmentarias e recorrer frecuentemente ás fontes indirectas que non avalan o proceso mesmo da lectura, senón o da edición. No caso dos primeiros textos en galego do XIX, a investigación ponse aínda máis difícil dado o seu carácter específico. Como se trata dun público iletrado, non existen fontes directas da recepción, é dicir, os documentos que transfíren as impresións de lectura, como as cartas, as memorias e as notas das marxes dos libros. Así mesmo, carecemos de fontes indirectas como repertorios, catálogos, contas e inventarios, xa que non se trata de libros senón de folletos, follas voantes e textos aparecidos en prensa. Tampouco podemos recorrer aos métodos aplicados nas ciencias de comunicación, como por exemplo as subscricións dos xornais ou as tiraxes, xa que ditos textos se publicaron na prensa monolingüe en castelán<sup>7</sup>. En definitiva, para chegar ao público dos primeiros textos en galego do XIX había que empregar unha metodoloxía híbrida que comprende un enfoque histórico (achegamento á clase social que foi destinataria deses textos) e outro antropolóxico (a cultura e a literatura popular). O estudo histórico baséase principalmente nas obras de Xosé Ramón Barreiro Fernández, Ramón Villares e varias monografías. O estudo antropolóxico apóiase nos traballos xerais de Xosé María Álvarez Blázquez e Domingo Blanco Pérez. Para achegármonos ao tema dos cegos, foron de gran axuda os ensaios de Jean-Francois Botrel. Para os cantares de cego en Galicia, botamos man dos estudos de Baldomero Iglesias Dobarrio e Xosé Luis Rivas Cruz. Finalmente, para tratarmos o problema das panxoliñas en galego, recorreremos aos traballos de Carlos Villanueva.

## ENFOQUE HISTÓRICO

A Galicia do século XIX é eminentemente rural. Aínda en 1900 o 86% dos galegos traballa na agricultura, o 6% na industria e o 8% no sector de servizos e un 90% da poboación está asentada en núcleos rurais (cf. Mariño Paz 1998: 337). Á parte de campe-

<sup>6</sup> Esta tese foi publicada en microforma en 1992 polo Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela baixo o título: *Estudio fonético, ortográfico e morfolóxico de textos do prerrexurdimento galego*.

<sup>7</sup> O primeiro periódico monolingüe en galego será *O Tío Marcos da Portela* do que o primeiro número sae o 7 de febreiro de 1875. Tampouco podemos falar de prensa bilingüe, xa que as partes escritas en galego ou están inseridas nos textos en castelán ou, como moito, están precedidas por unha introdución en castelán na que se informa ao lector que o fragmento que segue foi escoitado e logo transmitido ao editor, así que non se recoñece a súa autoría. Son moi poucos os textos que aparecen nos xornais integralmente en galego. Aínda así, os textos escritos en lingua galega non pasan de ser unha curiosa excepción e nunca chegan a máis dun artigo.

siños, mariñeiros e escasos obreiros, está a fidalguía e o clero. A burguesía en Galicia é moi débil e componse en gran parte de persoas foráneas. Desas clases sociais só a máis baixa é monolingüe en galego. As demais usan o galego como lingua habitual, pero no ámbito formal recorren ao castelán, aínda que non falten casos de monolingüismo en castelán, principalmente na burguesía. Aínda así, o galego a comezos do século XIX seguía sendo a lingua maioritaria en Galicia, polo menos no uso familiar. No entanto, non gozaba do mesmo prestixio que o castelán, que estaba reservado para o ámbito público. Polo tanto, o castelán na Galicia decimonónica era a lingua minoritaria pero dominante. Esta situación cambiará progresivamente durante todo o século XIX, como así indica Manuel Murguía: “¡O noso idioma! O que falaron nosos pais e vamos esquecendo, o que falan os aldeáns e nos achamos a punto de non entendelo [...]” (Murguía 2000: 20).<sup>8</sup> As causas dese cambio están principalmente na implantación do estado liberal centralizado coa súa administración e no asentamento da xa mencionada burguesía foránea, de modo que a castelanización se dá case exclusivamente nas cidades, deixando intacto o medio rural. O outro gran factor castelanizador, a educación, está practicamente ausente no rural galego do XIX, sendo a taxa de escolarización do 3,34% da poboación total de Galicia (cf. Costa Rico 1989: 85). Resultado desa situación precaria do ensino en Galicia, a taxa de analfabetismo en 1900 era do 74,4% fronte ao 66,5% en toda España (cf. Juana López 1996: 62).

Deste xeito, os destinatarios dos escritos en galego tiñan que proceder necesariamente desa inmensa masa analfabeta que poboaba o campo galego. Agora ben, para que escribir e imprimir uns textos cuxo destinatario é iletrado? Para contestar esa pregunta, hai que ter en conta dous factores: as pugnas entre os liberais e os absolutistas e, en certo momento, entre os isabelistas e os carlistas, así como os comportamentos políticos do campesiñado galego. Ao labrego galego non lle interesa a política. O campo galego permaneceu indiferente ante os grandes conflitos de finais do século XVIII e do século XIX, a saber, a guerra entre os realistas e patriotas, a reacción absolutista do Trienio Liberal, a guerra carlista e os pronunciamentos dos anos 40 e 50. A única excepción é a Guerra da Independencia que constituíu un auténtico levantamento popular tanto en Galicia como no resto de España. Porén, o pobo galego reacciona ante a invasión só cando ten que afrontar a forte presión fiscal imposta polo exército napoleónico, satisfacer o seu abastecemento e aínda máis cando presencia nas súas terras os abusos cometidos polos franceses. Isto non quere dicir que o campesiñado galego sexa apacible, pacífico e resignado, un tópico que estivo moito tempo presente na historiografía galega e que é completamente falso, como sinala Carlos Velasco Souto (1993: 73-89)<sup>9</sup>. Ao campesiño galego non lle interesa a política pero si lle interesa preservar os seus dereitos (ben poucos) e loitar pola súa supervivencia. O que o labrego entende como o seu dereito máis importante é a estabilidade que ve na preservación dos foros. Unha vez asegurado iso, hai poucas

<sup>8</sup> De todas formas, o mesmo Manuel Murguía testifica que aínda na primeira metade do século XIX a maioría da poboación de Galicia falaba galego dun modo habitual: “Los que como yo estamos al fin de la vida recordamos bien que en nuestra juventud el dominio del habla gallega era total” (cf. Alonso Montero 1970: 21).

<sup>9</sup> Ramón Villares dedícalles aos conflitos sociais do campo galego un apartado na súa Historia de Galicia (2004: 219-221).

cousas que poden axitalo. Hai certos períodos nos que a conflictividade no campo vai en aumento por motivos evidentes, como as épocas de guerra, resultado dos tributos e das gabelas, e as épocas de fame. A incipiente industrialización, aínda que moi tímida e, en ocasións, tamén as súas consecuencias, convértense en motivo de axitacións. Esa disposición a defender os seus intereses inmediatos converte o labrego nunha ferramenta de fácil manipulación por outras camadas da sociedade galega. De feito, aínda antes de iniciarse o enfrontamento entre os absolutistas e os liberais, os campesiños foron utilizados nos conflitos entre o clero e a fidalguía, a mediados do século XVIII. Na primeira metade do século XIX o clero e a fidalguía fechan filas para defender os seus intereses fronte a unha burguesía emerxente que intenta gañar terreo no novo Estado Español. Nesta loita, os dous bandos intentarán atraer os labregos. Para comprender ata que punto esas clases sociais necesitaban o apoio do campesiñado, velaquí un fragmento de *Historia de Galicia* de Xosé Ramón Barreiro Fernández:

Es la ruralidad, eminentemente campesina, quien marca el ritmo social de Galicia, quien inclina con su voto las opciones políticas fundamentales, quien marca los comportamientos que en general se consideran gallegos. Todas las villas y la mayor parte de las ciudades viven de sus comarcas agrícolas y en este sentido se convierten en unidades fuertemente ruralizadas. Aunque la población urbana es sin duda más progresiva, y conecta con los movimientos y las ideas que circulan por el Estado, es sin embargo la Galicia rural la que certifica con su decisión aquello que merece ser apropiado o no, la que decide lo que interesa conservar o lo que se desecha. No se trata del consabido y poco estudiado conflicto entre campo y ciudad, sino de constatación elemental de un hecho que viene significado por la demografía: Galicia es rural, y es el campo en definitiva quien decide y quien elige. (Barreiro Fernández 1984 IV: 24)

Aos absolutistas, non lles era difícil chegar ao pobo aldeán xa que dispuñan dun medio de propaganda moi eficaz: a parroquia rural. Antes de explicar a excelente importancia dese feito, cómpre lembrar o vínculo ideolóxico entre o absolutismo e a Igrexa católica que consistía basicamente na división dos poderes: o temporal correspondíalle ao Rei e o espiritual ao Papa e á Igrexa xerárquica (cf. Barreiro Fernández 1984 II: 172-179; 1982). Grazas a ese vínculo, os absolutistas podían contar cunha plena colaboración por parte da Igrexa á hora de propagar os seus ideais. O aparello que se prestaba a ese fin compoñíase de tres elementos fundamentais: o confesionario, o púlpito e as misións populares. Para apreciar a eficacia destes medios propagandísticos, basta fixarse nos períodos de maior intensidade das misións populares: finais do século XVIII (a Revolución Francesa) e o ano 1824 (Trienio Liberal). Aínda así, eses tres elementos desempeñaban un papel secundario en comparación coa extraordinaria influencia que exercía o párroco na comunidade aldeá. Os cregos asumían a función de rectores e condutores dos seus fregueses labregos e, polo xeral, gozaban dun gran prestixio entre eles. Cada domingo daban noticias ao pobo do que pasaba no resto do país e ocupábanse da distribución e lectura de certos xornais. A pesar de que a figura de crego podía ter unhas connotacións negativas, indubidablemente ocupaba unha posición privilexiada na aldea galega. De acordo coa teoría de Xosé Chao Rego (1988: 44), o cura sería o beneficiario da bipolaridade

*dentro-fóra*, onde o de *dentro* representa a casa e o de *fóra* as instancias urbanas. Fronte a estas dúas realidades contrapostas, o crego é o elemento intregrador. Por unha banda, é *da casa* pola súa procedencia rural<sup>10</sup> e, por outra, é *de fóra* pola súa cultura<sup>11</sup>. Esa condición de intermediario entre a cultura urbana e a rural aseméllao ao *notable* da zona, o cacique<sup>12</sup>, tamén a nivel lingüístico. O cacique desempeñaba o papel de tradutor no seu territorio, unha tradución necesaria ao tempo que defectuosa e interesada pola súa parte. Agora ben, a lingua da Igrexa decimonónica é sen ningunha dúbida o castelán<sup>13</sup>. Dende os documentos eclesiásticos ata os catecismos, como o do Padre Astete, o máis popular en Galicia, estaban redactados en castelán. Igualmente, eran o latín e o castelán os únicos idiomas empregados nos ritos litúrxicos. Porén, o galego era a lingua habitual do clero baixo galego. O cura rural galego falaba o castelán na igrexa e só na igrexa. Nas súas conversas cos fregueses empregaba o seu idioma materno, o galego. Este feito ten unha importancia extraordinaria en canto á súa eficacia propagandística. Se os autores dos primeiros textos impresos da época contemporánea optan polo galego, fano para que os seus destinatarios poidan captar a súa mensaxe, as máis das veces, política. Evidentemente, incluso un labrego iletrado de principios do século XIX era capaz de entender algo de castelán, pero esa comprensión era inevitablemente imperfecta. Ademais, o uso do castelán neste caso podía producir o rexeitamento no ouvinte por consideralo coma un elemento foráneo (cf. Joseph 1987: 81-82). Por conseguinte, o párroco rural desempeñaba perfectamente o papel de transmisor e propagador das ideas absolutistas. Deste xeito, poderíase explicar o desequilibrio entre a cantidade de textos impresos en galego polos dous bandos nos que os da ideoloxía liberal constitúen case a totalidade<sup>14</sup>.

Ao non dispoñer dunha infraestrutura propagandística semellante, os liberais galegos víronse na necesidade de buscar outro modo de chegar ao pobo. Así como fixeron os absolutistas, os liberais tamén empregaron a súa ferramenta de propaganda habitual: o xornal, o folleto e a folla solta<sup>15</sup>. No entanto, a prensa foi unha ferramenta que era eficaz só no medio culto. Como chegar a unha comunidade rural analfabeta? Unha comunidade que, recordemos, é unha comunidade pechada e desconfiada (a bipolaridade *dentro-fóra*). Para este fin, os liberais crearon uns textos monolingües en galego o bilingües en galego e en castelán. Ao mesmo tempo, recorreron ás formas que resultasen familiares aos labregos tanto pola súa forma (os diálogos, os romances de cego, as coplas, etc.)

<sup>10</sup> Hai que recordar que no século XIX optouse polos fillos dos labregos nos seminarios para reforzar a Igrexa no seu enfrontamento co liberalismo.

<sup>11</sup> Para ordenarse, os sacerdotes tiñan que saber, polo menos, ler e cantar. En calquera caso, o nivel da súa formación intelectual sobrepasaba o dos seus fregueses.

<sup>12</sup> De feito, algúns deles convertéronse en tales (cf. Fariña Jamardo 1981: 235).

<sup>13</sup> Sobre as causas desa situación, tan diferente da Igrexa vasca e catalá, en Ferro Ruibal 1987; 1990; Chao Rego 1988: 79-82.

<sup>14</sup> É unha hipótese, sostida polo profesor Barreiro Fernández (1982: 77), que, no entanto, require unha análise cuantitativa e cualitativa da prensa liberal e absolutista da época, a análise que aínda está por facer.

<sup>15</sup> Xa Napoleón era consciente da importancia dese medio para a propaganda: „Dices que los panfletos no sirven para nada en España; eso son cuentos. Los españoles son como los demás pueblos y no forman una clase aparte. Reparte en Galicia y sus alrededores los escritos que he enviado”. Da carta de Napoleón ao seu lugartenente Bessières (cf. Sánchez Aranda 1986: 487).



como polo contido (anticlericalismo<sup>16</sup>, situación precaria dos labregos, etc). Finalmente, aproveitaron os medios de difusión xa existentes na sociedade campesiña: os propios da tradición oral (as tabernas, o adro da igrexa, o lar, as festas, etc.). Desta forma, os seus textos conseguiron competir no terreo rural coa influencia do párroco porque compartían con el as mesmas características do intermediario entre o urbano e o rural, o culto e o popular, en fin, entre o de *fóra* e o de *dentro*. É máis, os autores destes textos intentan socavar o prestixio dos curas e da Igrexa sen chegar a afectar á relixión mesma, feito moi importante se temos en conta que o campo galego é profundamente relixioso. Ao mesmo tempo, resáltase a figura do cura liberal que, aínda que efectivamente existiu<sup>17</sup>, non foi frecuente en Galicia. De feito, despois da Guerra da Independencia, o crego ía perdendo paulatinamente o seu peso no campo galego. Os fregueses néganse a pagar os dezmos e a cumprir coas demais obrigas económicas<sup>18</sup>. Así e todo, ese pode ser o motivo de por que os absolutistas decidiron engadir ao seu arsenal esa arma dos liberais<sup>19</sup>.

## ENFOQUE ANTROPOLÓXICO

Jean-François Botrel, gran estudoso que se ocupou da historia da lectura en España, apuntou: “[...] tratándose de un país en el que la lectura sigue siendo un fenómeno muy minoritario (en 1900 sólo una tercera parte de los españoles saben leer y escribir), el estudio de la comunicación escrita no puede hacerse sin referencias a otras formas de comunicación (oral, audiovisual, etc.)” (Botrel 1993: 12). No caso da Galicia decimonónica, estas outras formas de comunicación serán as propias da cultura popular: a poesía, os cantos, os contos, os proverbios, as representacións dramáticas e os romances de cego. Todas estas formas da literatura popular acompañaban a persoa nas súas tarefas cotiás e nas súas alegrías festivas. Algunhas delas son propias do espazo público<sup>20</sup>, outras execútanse no ámbito familiar, na intimidade do lar. Así recrea o ambiente deste último Manuel Murguía:

Todavía en las largas veladas de invierno, cuando la lluvia, la nieve, las tempestades hacen grata la reunión en el hogar en que arde el fuego que le anima, todavía en las noches estivales cuando cielo y tierra parecen reposar en la serenidad de horas apa-

<sup>16</sup> Como nesta copla recollida nunha das tertulias: “Dégate Niña de hunduras, / eres por sierto incansable; / todao culpa es perdonable / como no tóque à los Curas” (*Sigue la Tertulia de Picaños*; Aneiros Díaz 2008: 364).

<sup>17</sup> Trátase principalmente dos curas intelectuais pero tamén de certo sector do clero que vivía nunhas condicións de vida precarias, chegando a dedicarse ao coidado do gando ou dos porcos para sobrevivir.

<sup>18</sup> A perda de autoridade da Igrexa nas camadas baixas da sociedade é un fenómeno común na España decimonónica e tivo a súa expresión nas consecutivas axitacións anticlericais (1820-1823, 1834-1835, etc.). Sobre as causas desta situación cf. Miłkowski 2006: 36-37.

<sup>19</sup> O primeiro texto absolutista, que presenta características parecidas cos textos propagandísticos liberais, é A Parola de Cacheiras do ano 1836.

<sup>20</sup> Para ver máis detalladamente as manifestacións públicas da literatura popular cf. Blanco Pérez 1997: 64.

cibles, júntanse viejos y jóvenes a recitar y oír antiguos romances, cuéntase las milagrosas leyendas, y se refieren las heroicidades de los que vivieron en aquellos lugares, celebrando las gracias, los rasgos de ingenio y las burlas que traen las risas a todos los labios así como los encantos, y los misterios de la otra vida, llenan de temor todos los corazones. (Murguía 1925a: 37)

O principal motivo da literatura popular é o divertimento e o entretemento, pero tamén hai outras coma o amor (lémbrese o que di un refrán galego: O amor fai cantar<sup>21</sup>) ou a queixa, coma nesta copla:

Vendéronme os bois  
vendéronme as vacas  
o pote do caldo  
e a cunca das papas<sup>22</sup>.

Ás veces, no entanto, a literatura popular servía para difundir certas informacións. Este é o caso dos cantares de cego. O tema favorito dos romances de cego foron os crimes, moitas veces eran causas reais, voceadas antes da execución do reo para que servisen como escarnio. Así mesmo, entre as funcións do cego estaba a de divulgar de viva voz e repartir os papeis públicos como avisos, bandos, edictos, ordes, pragmáticas, etc. O cego informaba de acontecementos importantes para o Estado: as vitorias en tempos de guerra, as catástrofes naturais como os terremotos ou as inundacións, pero tamén as vodas reais ou o parto feliz da raíña. Segundo a expresión de Jean-Fraçois Botrel, o cego era o “diario hablado ambulante” (1993: 99)<sup>23</sup>. É unha expresión especialmente axeitada no sentido de que o cantar de cego, así como a prensa, se prestaba facilmente á propaganda e así foi utilizado en ocasións por uns individuos ilustrados e perspicaces que souberon aproveitar o dominio da opinión pública do cego. Os cegos coñecen perfectamente os gustos do seu público. É de práctica constante entre os cegos pregoar os títulos dos pregos, moi longos normalmente, dunha forma cambiada, axustada ao seu auditorio. As máis das veces, é o cego quen escolle o tema do cantar que logo versificará un mestre, crego ou fistor a cambio dunha pequena gratificación<sup>24</sup>. Son tamén eles os que satisfacen os gustos ocultos da sociedade ao distribuír impresos ilícitos. “Los periódicos callan, cantan los ciegos” dicíase durante a Guerra de Marrocos (cf. Botrel 1993: 99). En fin, pódese afirmar que os cegos desempeñaban a función dos medios de masas actuais<sup>25</sup>.

<sup>21</sup> Recollido por Carmen Blanco (2000: 87).

<sup>22</sup> Recollido por Saurín de la Iglesia (1977: 42).

<sup>23</sup> Unha definición parecida, atopámola no cantar de Manuel María Fernández Teixeiro transcrito en Iglesias Dobarrío e Rivas Cruz: “E os cantares de cego / eran crónica cantada / do diario acontecer / cantada en prosa rimada” (1999 I: 8).

<sup>24</sup> De todas formas, os autores cultos dos romances de cego quedaban no anonimato: “[...] parece que su vocación es la de llegar a ser desconocidos” (Botrel 1993: 155).

<sup>25</sup> “Esas persoas eran quen realmente manexaban os estados de opinión de pobos e comarcas enteiras como fondos vivos de datos e divertimento” (Iglesias Dobarrío e Rivas Cruz 1999 II: 9).

Porén, os cegos e o seu cantar non foi o instrumento de propaganda exclusivo no ambiente rural. Tamén o é o teatro popular. En definitiva, os cómicos ambulantes e os cegos comparten certas características. As compañías teatrais populares, así como os cegos, non ignoran as preferencias do seu público e acomódanse a elas, cambiando o guión primitivo e improvisando en ocasións para un maior divertimento dos espectadores. Do mesmo xeito, se as circunstancias o requiren, poden converterse en difusores de propaganda como aconteceu durante a Guerra da Independencia cando se chamaba á loita contra o invasor.

O autor de literatura popular é case sempre un autor de orixe tamén popular. Este é o caso das coplas e poemas, dos contos e proverbios. Cómpre sinalar unha certa especificidade da literatura popular galega pois nela ten a súa participación activa, como creadora e executora, a muller. “Ya nuestro Padre Sarmiento indicó, con gran tino, que en su mayoría, música y letra, eran en Galicia producto del alma femenina” como testifica Manuel Marguía (1925b: 65). O caso dos mencionados *mass media* rurais é máis complexo. Podemos dicir que a inspiración, as indicacións, tanto canto á forma como ao contido, constitúen xeralmente a compoñente popular da autoría. No entanto, como se trata dun autor analfabeto, necesita un intermediario letrado que dará unha forma escrita á creación popular<sup>26</sup>.

Chegamos así ao problema das panxoliñas ou cantigas de Nadal, que constitúen un grupo á parte. A panxoliña é un poema popular de longa tradición. O tipo de panxoliña que nos interesa, chamada *villancico de gallego*<sup>27</sup>, estrea en Madrid 170 anos antes de chegar a Galicia. A mediados do século XVII alcanza a súa mellor expresión artística nas catedrais castelás e portuguesas. Antes existían tamén os *villancicos* de vizcaínos, asturianos, e mesmo de italianos ou franceses, pero os de galegos tiveron máis éxito e perdurabilidade. Iso débese en parte á homofonía *Galicia-Galilea* e á imaxe de Galicia como unha terra de pastores. Esta asociación do galego coas camadas máis humildes da sociedade coincide co personaxe gracioso dos entremeses casteláns e con personaxes

<sup>26</sup> En canto ao problema do mercado de papeis impresos nun medio analfabeto, hai varias teorías. Unha delas, de Geneviève Bollème, baséase no concepto de papel impreso como obxecto máxico, le papier qui parle (expresión de Mercier de la Rivière): „[...] on peut acheter les petits livrets sans savoir lire, pour se les faire lire éventuellement et pour acquérir quelque chose qui serait comme un objet magique, le papier qui parle [...]. Il est certain que le livre est investi d'un pouvoir, d'un valoire, et considéré comme tel, ne serait-ce précisément que parce qu'il est «réservé», prance qu'il ne peut être lu que par ceux qui possèdent et détiennent le savoir, il se trouve recéler un secret. Avoir un livre –et la Bibliothèque bleue offrait à tous cette possibilité par la modicité même de ses prix–, c'est tenir dans ses mains un peux de ce savoir” (1971: 17). O alto grao que ocupa a palabra escrita na tradición popular galega reforzaría esa teoría: “Na conciencia popular galega o libro e o home de letras teñen un outo prestixio, de tipo simbólico. O libro representa a Lei e a Ciencia” (Álvarez Blázquez 1963: 378). Os mesmos diálogos son testemuños diso. No Diálogo entre dos labradores gallegos afligidos y un abogado instruido, despreocupado y compasivo de Pedro Boado Sánchez o avogado ten no seu despacho o estante cargado de libros. Tamén é significativa a importancia que lle prestan os protagonistas doutros diálogos ao feito de seren transcritas as súas palabras no periódico e o prestixio do que goza este. Todo iso indicaría tamén unha posibilidade de que os labregos mercasen ás veces os textos en cuestión aínda sen saber ler. „O pior é que se no-no lebo por escrito, é ó mesmo que no-no oira [...]” (Aneiros Díaz 2008: 267).

<sup>27</sup> Segundo a diversificación feita por Xosé Luis Pensado: villancico de gallego (fóra de Galicia) e villancico en gallego (en Galicia) (cf. Villanueva 1994: 78).

de baixa condición da literatura de cordel portuguesa<sup>28</sup>. Non debemos esquecer cal era o concepto de Galicia que daquela se tiña nas outras partes da Península Ibérica. Este concepto foi, en gran medida, resultado da emigración galega intrapeninsular<sup>29</sup>. Manuel Pardo de Andrade transcribiu nun dos seus artigos no *Diario de Madrid* esta copla popular recollida durante a súa viaxe ás vilas Torquemada e Dueña (1989: 313):

Venga el gallego a segar,  
Miserable jornalero,  
Que los hombres de Castilla  
Tienen el trabajo a menos.

Aínda que o período de maior intensidade da emigración intrapeninsular é a segunda metade do século XVIII, os galegos das provincias máis pobres, Ourense e Lugo especialmente, emigraban xa no século anterior. As dúas direccións principais da emigración galega eran Castela e Portugal<sup>30</sup>. Polo tanto, tanto a imaxe coma o idioma que fala o galego nos vilancicos casteláns, portugueses e noutras partes da península, son os de emigrantes. Cando o vilancico entra en Galicia, en 1790<sup>31</sup>, perde os elementos risibles e gaña en lirismo e dramatismo. Evidentemente, o pastor galego e o seu idioma están depurados do carácter cómico e anecdótico propio dos vilancicos de galego. A lingua está desprovista de castelanismos e préstamos do portugués xa que é obra dos poetas locais para os que o galego non é un recurso escénico senón un elemento de comunicación. Co tempo, o estilo literario dos vilancicos en galego vaise perfeccionando „hasta llegar a cotas de calidad que preparan los movimientos literarios posteriores”, na opinión de Carlos Villanueva (1994: 30). Un claro sinal da valoración crecente deste xénero é a perda do seu carácter anónimo e a aparición dos nomes dos autores nos impresos: Antonio María de Castro y Neira, Luis Corral, Jacinto Romualdo Torres ou Alberto Camino. Este último está considerado un dos precursores e, segundo Ricardo Carballo Calero, preparou a obra de Rosalía de Castro (cf. Villanueva 1994: 131). Ao mesmo tempo, os autores de panxoliñas buscan constantemente motivos novos que satisfagan un público cada vez máis esixente, ata o punto de entrar en competencia co teatro popular.

De la Navidad al Corpus, de la Asunción a cualquiera de las fiestas locales se van reemplazando los responsorios de maitines por este viejo y, al tiempo, nuevo formato

<sup>28</sup> A finais do século XVIII, nos folletos de cordel portugueses o galego era asociado cos criados e augadoiros.

<sup>29</sup> Trátase tanto da emigración temporal como definitiva. Emigran segadores e vendimadores, oficios manuais (canteiros, albaneis, carpinteiros, etc.) e peóns (Meijide Pardo 1960: 7-9).

<sup>30</sup> Este último país era un lugar de destino especialmente duro. Así é como se refire aos emigrantes cuxo destino era Portugal o Padre Sarmiento: “Si salen, mal; si vuelven, peor” (cf. Meijide Pardo 1960: 107). Segundo os versos de Rosalía de Castro, no entanto, tampouco Castela era un destino mellor: “Castellanos de Castilla, / tratade ben ós gallegos; / cando van, van como rosas; / cando vén, vén como negros” (1989: 218).

<sup>31</sup> De Ulla a meu cabo veño na catedral de Santiago sendo mestre de capela Melchior López. A tradición da panxoliña non perdura en Santiago e pasa logo á catedral de Mondoñedo que aproveitará o modelo santiagués trazado por Melchior López. Existían tamén panxoliñas ourensás.

en lingua vulgar que acabará alcanzando imprevisibles cotas de popularidad, llegando a desbordar en ocasiones a los cabildos, tanto en el aspecto ideológico como en el organizativo. (Villanueva 2002: 203-204)

Todo isto, lembremos, nun espazo reservado á solemnidade e, aínda máis, á lingua castelá. Esta situación acabará por levar á supresión das panxoliñas nas catedrais.

Así como as panxoliñas, os demais textos impresos en galego da primeira metade do século XIX ocupan unha posición intermedia entre a cultura popular e a culta. Polas súas formas, os modos e lugares de difusión pertencen á tradición oral. Despois dunha lectura en voz alta e colectiva, perden a súa condición culta para pasar ao ámbito popular, onde sufrirán cambios e mutacións propios das creacións do pobo. “El papel impreso, pues, sólo sería un momento en un proceso esencialmente oral” afirma Jean-François Botrel referíndose aos cegos de Madrid (1993: 138-139). E esa é precisamente a intención dos seus autores, porque non se trata de *escribir en gallego* senón de *hablar en gallego por escrito* como sentenciou Ricardo Carballo Calero (1974: 33). Dependendo da forma que adopten, poden ser memorizados e transmitidos (como os poemas de circunstancias ou *Os rogos dun gallego* de Manuel Pardo de Andrade) a modo de romances de cego ou contados a carón do lar (*Proezas de Galicia* de José Fernández Neira).

Outros (as tertulias principalmente) referíranse e comentáranse nos lugares habituais de reunións: as tabernas, os salóns de peiteado, os despachos dos libeiros e as tendas dos boticarios onde concorrian os veciños para enterarse dos feitos recentes. Outro lugar de encontro é o adro da igrexa. Este, porén, merece unha atención especial. Segundo a expresión de Xosé María Cardesín (1997: 474), o adro é o centro natural de Galicia. Así o describe Xosé Chao Rego: “O adro é o lugar de encontro dominical no que «se fai parroquia», danse noticias e ás veces mesmo se realizan transaccións comerciais: un verdadeiro lugar de encontro, especie de «praza maior», que outras non existen” (1988: 43-44). Baste dicir que o adro é un dos escenarios dos faladoiros. Tamén é un espazo privilexiado pola presenza de mulleres que, aínda que teñen un protagonismo moi marcado na cultura popular galega, non así no espazo público. Tradicionalmente, a muller toma as decisións no interior da casa pero o xefe daquela no exterior é o home<sup>32</sup>.

Así como as formas e modos de difusión, os primeiros textos impresos en galego comparten coa literatura popular certos temas e motivos. Os autores deses textos recollen da literatura popular a queixa e o anticlericalismo porque estes dous motivos en-

<sup>32</sup> Aquí cómpre facer certas matizacións condicionadas por unha serie de feitos significativos. “Costa Clavell en su obra *Bandolerismo. Romerías y jergas gallegas* destaca «el hecho de que figuren mujeres en casi todas las cuadrillas de bandoleros que actuaron en Galicia a lo largo de la pasada centuria» (López Morán 1984: 167). Sobre a presenza política da muller en Galicia: “En 1910 participaba en las asambleas y los mítines agrarios en plano de igualdad con los varones y, casi siempre, con mayor radicalismo” (Durán 1972: 137). A iso hai que engadir o fenómeno migratorio feminino no contexto intrapeninsular: „Si bien los hombres dominaron sobre las mujeres, el elemento femenino equivalió, en muchos años, a una tercera parte del éxodo total a Castilla” (Meijide Pardo 1960: 72). Este éxodo feminino e as súas consecuencias espertou unhas graves inquietudes por parte da Igrexa católica, o que se reflexa na lexislación da época. Igualmente, destaca o trato especialmente permisivo que se lles outorgaba ás solteiras en Galicia (cf. Chao Rego 1988: 68).

caixan perfectamente nos seus fins. Recoñecen a situación de difícil supervivencia na que se desenvolven os campesiños e culpan dese estado aos „jueces, escribanos e canónigos“, ou sexa, aos seus inimigos políticos. Descargan sobre eles toda clase de improprios e acusacións feroces ata chegar ao punto que poderíamos moi ben cualificar de escarnio. Moitas veces acúsanos de colaborar cos carlistas que, loxicamente, tampouco se salvan da crítica. No entanto, o tema no que máis se insiste é a Igrexa e os seus ministros, así como o seu instrumento máis temible, a Inquisición. A Igrexa, segundo estes textos, intenta preservar o statu quo existente para defender os seus intereses e por iso empéñase en manter os seus fregueses na máis profunda ignorancia: “Dice bien Farruco, amigo, que no ecisten semejantes hechizos, ni heridas de ojo, ni posesos, ni endemoniados, ni cuanto discurrieron mis compañeros para amedrentar al Pueblo sencillo é ignorante, y vivir á su cuenta” (*Diálogo tercero en la Alameda de Santiago*; Aneiros Díaz 2008: 372). É a opinión do cura que está explicando a Cristobo, Farruco e aos demais contertulios as causas do mal estado do país. Esta actitude do cura liberal contrasta coa postura adoptada en xeral polo clero galego. Aínda que os curas liberais, como xa sinalamos neste estudo, non son frecuentes, os autores dos textos darán protagonismo a este personaxe para contrarrestar a influencia da propaganda exercida dentro e fóra da igrexa polos curas rurais. Este recurso tamén servirá para subliñar o feito de que non loiten, nin moito menos, contra a relixión mesma senón contra o poder inxusto da Igrexa católica. A insistencia neste feito é dunha importancia extraordinaria para os liberais da primeira metade do século XIX e moito máis na situación de Galicia, que segue sendo un país profundamente relixioso<sup>33</sup>. Desde esta perspectiva, os liberais preséntanse como individuos ilustrados que se esforzan en educar e informar o pobo que non consideran o obxecto senón o suxeito do novo Estado liberal. Destacan o papel da prensa, a súa ferramenta principal, e postulan a necesidade de existencia dun xornal que iría dirixido as masas analfabetas e estaría adecuadamente redactado. O periódico sería ideado para cumprir coa función informativa e educativa dun xeito semellante a como o viñan facendo nos textos en cuestión. Esta formación civil era ben sinxela, a medida das capacidades das camadas populares. Consistía fundamentalmente nunha idealización da Constitución ao tempo que se explicaba a grandes trazos os seus principios básicos, ou sexa, a Nación, as Cortes e o Rei.

Se estes textos ían cumprir coa súa función propagandística, tiñan que posuír uns determinados requisitos. En primeiro lugar, tiñan que ser escoitados desde o principio ata a fin. Polo tanto, o autor empeñarase constantemente en manter o interese do público durante toda a lectura. Para lograr este efecto, recorre ás funcións orixinais da literatura popular, é dicir, o divertimento e o entretemento. Para este fin serven as anécdotas, como a do *Tío Farruco* cando Manuel pensa que o Concilio é un home ou cando Vilas en *Sigue la Tertulia de Picaños* cre que os filósofos é “cousa de comer”. Igualmente, os

---

<sup>33</sup> Aínda que en Galicia esta estratexia terá máis peso que noutras partes de España, hai que recoñecer que este é o trazo distintivo do liberalismo español do século XIX do que, como sinala Ramón Villares, o liberalismo galego non se distingue (1992: 141). O anticlericalismo español, a diferenza do anticlericalismo francés, non afecta á relixión senón a Igrexa institucional, non pretende eliminar a Igrexa senón reformala para que se subordine ao Estado e sirva aos seus fins.

contertulios poden gastar bromas coma esta: “Se ó meu Abade esplicase así no Altar, e non falase d’outras cousas, non lle me pegaba ó sono tantas veces” (Boado Sánchez, *Diálogo entre dos labradores gallegos afligidos y un abogado instruido, despreocupado y compasivo*; Aneiros Díaz 2008: 259)<sup>34</sup>. En segundo lugar, había que asegurarse de que os ouvintes entendesen ben o contido ou, polo menos, a mensaxe xeral do texto. O grao de comprensión, á súa vez, condiciona a memorización e a posible transmisión, se non na súa forma orixinal, como podería ser o caso dos poemas, dos cantares ou dos romances, si dun xeito indirecto, nunha conversación ou discusión (as tertulias). Por tanto, ditos textos tiñan unha estrutura específica na que certas partes deste se repetían e, as máis das veces, a repetición estaba feita por un personaxe humilde que resumía unha cuestión, exposta anteriormente en castelán, en galego e dunha forma máis sinxela. Deste xeito, resólvese tamén o problema do uso do castelán nos diálogos que, por un lado é necesario para darlle autenticidade ao texto (xa que se alega que son transcricións de situacións reais) pero, por outro, enturba a comprensión e faina imperfecta.

Unha vez máis, temos que tratar *A casamenteira* á parte. Así como as panxoliñas, prescinde dun lector interposto xa que ese papel o desempeñan os actores. Igualmente, un dos seus obxectivos é divertir, como o dos demais textos. A pregunta é se transmite algún tipo de propaganda e se o fai a través de formas propias da cultura popular. As dúas preguntas hai que contestalas hipoteticamente. Primeiro, *A casamenteira* está marcada polo liberalismo do seu autor e, por tanto, transmite unha determinada visión da vida (cf. Blanco 2000). Ademais, presenta certos trazos anticlericais moi frecuentes nos outros textos. Finalmente, non podemos descartar que as compañías ambulantes recollasen a peza e a representasen, de igual xeito que lle pasou a un poema de Curros Enríquez que, entregado a un amigo e esquecido polo seu autor, volveu a el cando, pola ventá, o escoitou tocar a uns músicos na rúa.

Á parte da peza teatral mencionada arriba, existe outra excepción: as frases, os proverbios e os versos soltos inseridos en textos casteláns. A maioría deles apareceron en *El Heráclito Español y Demócrito Gallego* e en *El Fiscal de los Jueces*. Algúns deles son creacións de autores cultos (como Fandiño) estilizadas, outros parecen recollidos da tradición oral. De todos os xeitos, están escritos ou transcritos polos autores cultos cuxos destinatarios tamén eran cultos. Por conseguinte, sería máis conveniente ver nesas insercións un elemento folclórico que un uso propagandístico propio das outras manifestacións do galego na escrita.

<sup>34</sup> É interesante como neste fragmento se critica a linguaxe da Igrexa á vez que, no mesmo diálogo, se recorre a ela para argumentar contra os privilexios eclesiásticos: “[...] pero esos que ustedes llaman derechos no son derechos. Al contrario: están prohibidos y peca mortalmente quien hace tales exacciones y quien da valor á tales usos” (o subliñado é meu; Boado Sánchez, *Diálogo entre dos labradores gallegos afligidos y un abogado instruido, despreocupado y compasivo*; Aneiros Díaz 2008: 57).

## CONCLUSIÓNS

Os primeiros textos impresos en galego na época contemporánea case sempre están condicionados pola orientación política á que pertence o seu autor. Os textos concibidos polos autores absolutistas normalmente continúan a súa retórica tradicional. Tal é o ton e a mensaxe das tertulias, dos artigos e dos poemas que saíron do seo absolutista. En definitiva, estes autores asimilaron, en ocasións, o novo soporte da palabra dirixida ao vulgo, non así o seu carácter innovador. Os absolutistas non sabían ou non querían aproveitar esas novas posibilidades que ofrecía o diálogo con destinatario popular porque tampouco estaba entre os seus intereses cambiar o statu quo existente. Non é este o caso dos autores liberais que, aproveitando os modos e as canles de difusión propios da literatura popular, combinaron temas e formas vellos con temas e formas novos. Na súa categoría, son unhas verdadeiras obras mestras. Os liberais diríxense aos seus ouvintes non só no seu idioma, senón tamén utilizando palabras sinxelas, cunha mensaxe non demasiado complicada, feita á medida das capacidades dunha xente analfabeta, sen ningunha formación, somerxida nun mundo poboado por seres míticos, ánimas, demos e meigallos. Neste mundo, a figura do párroco encarna algo máis que unha autoridade relixiosa e convértese no antigo sacerdote que é quen de comunicarse entre este mundo e o do máis alá<sup>35</sup>. Os autores liberais tratan esta relixiosidade rural cunha extrema delicadeza inserindo sutilmente neste tecido elementos novos.

Porén, cómpre matizar un pouco esta conclusión. En primeiro lugar, non todos os textos comparten a motivación puramente propagandística. En segundo lugar, aínda que a compartan, non sempre o fan no contexto da confrontación absolutista-liberal ou isabelista-carlista, como é o caso dalgúns textos da primeira época. A Guerra da Independencia é un período específico no sentido de que os dous bandos tiñan o mesmo inimigo. Polo tanto, hai textos desa época que simplemente chaman á loita contra o invasor ou, incluso, só rinden homenaxe á heroicidade dos galegos.

A investigación da difusión e da recepción de papeis impresos nas épocas pasadas é xa de por si difícil porque as fontes das que dispoñemos son moi limitadas e achéganos informacións fragmentarias e pouco precisas. A investigación da historia da lectura nun medio iletrado é un traballo aínda máis complexo que require recorrer a fontes moito máis dispersas e obriga a abordar un ámbito moito máis amplo. Poderíamos aplicar aquí as palabras de Henrique Monteagudo cando fala da reconstrución da historia social da lingua: “Trátase dunha operación arriscada, que hai que realizar con moita cautela, e admitindo case sempre o carácter máis hipotético ca conclusivo dos resultados ós que se chegue” (1999: 41). De modo que este estudo non pretende ser definitivo,

<sup>35</sup> Na opinión de Alonso del Real, “o cura galego herdaría atribucións de antigas xerarquías máxico-relixiosas precristiás e mesmo prerromanas” (cf. Chao Rego 1988: 72). No referente ao anticlericalismo indubidablemente presente na literatura popular, cómpre subliñar que non afectaba ao respecto que se tiña para o cura rural. En palabras de Jean Marc Pelorson: “Pero si la gente popular sabía, en ciertas ocasiones, reirse de los poderosos y verter sus aspiraciones en la fantasía de juegos, fiestas, burlas, también existía en las masas cristianizadas una angustia frente al problema de la salvación y del más allá” (1982: 280).



nin moito menos, nas súas conclusións. Ao contrario, trátase dun achegamento ao tema con plena conciencia de que queda aínda moito por facer.

## BIBLIOGRAFIA:

- ALONSO MONTERO, Xesús (1970) *Constitución del gallego en lengua literaria. Datos para una problemática cultural y sociológica en el siglo XIX*. Lugo, Celta.
- (1995) *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, Xosé María (1963) “O libro na tradición popular galega”. En: Cámara Municipal de Braga *Actas do 1º Congreso de Etnografía e Folclore (de 22 a 25 de junho de 1956)*. Lisboa, Biblioteca Social e Corporativa: 369-379.
- (1972) *Cantares de cego*. Vigo, Edicións Castrelos.
- ANEIROS DÍAZ, Rosa (coord.) (2008) *Papés d’emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- ANEIROS DÍAZ, Rosa y LÓPEZ GARCÍA, Xosé (2005) „Las fórmulas dialogadas en los orígenes del periodismo en lengua gallega”. *Estudios sobre el Mensaje Periodístico* (Universidad Complutense de Madrid). 11: 223-242.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1977) *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*. Santiago de Compostela, Pico Sacro.
- (1982) *Liberales y absolutistas en Galicia*. Vigo, Xerais.
- (1984) *Historia de Galicia*. La Coruña, Gamma.
- (2000) “A esaxerada vida de Antonio Benito Fandiño”. En: Antonio Benito Fandiño (coord.) *A casamenteira*. Ourense, Linteo: 17-35.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón; ODRIOZOLA, Antonio (1992) *Historia de la imprenta en Galicia*. La Coruña, Biblioteca Gallega.
- BLANCO, Carmen (2000) “Contra casar sen amor. *A casamenteira, O chufón e «Pimpine-la»*”. En: Antonio Benito Fandiño (coord.) *A casamenteira*. Ourense, Linteo: 85-104.
- BLANCO PÉREZ, Domingo (1994) *Historia da literatura popular galega*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- (1997) „Literatura popular de tradición oral”. En: Francisco Rodríguez Iglesias (ed.) *Galicia. Antropoloxía*. Vol. XXVIII: *Imaxinario. Literatura popular*. A Coruña, Hércules Ediciones: 54-85.
- BOLLÈME, Geneviève (1971) *La Bibliothèque Bleue*. Paris, Julliard.
- BOTREL, Jean François (1988) *La diffusion du livre en Espagne*. Madrid, Cas Velázquez.
- (1993) *Libros, Prensa y Lectura en la España del siglo XIX*. Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- CAL, Rosa (2000) „O mundo dos xornais do 1800 en España”. En: Xosé López García (coord.) *El Catón Compostelano. Estudios*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega: 47-52.

- CARBALLO CALERO, Ricardo (1974) "La constitución del gallego como lengua escrita". *Verba* (Universidade de Santiago de Compostela). 1: 31-40.
- (1981) *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo, Galaxia.
- CARDESÍN DÍAZ, Xosé María (1997) „A heteroxeneidade da reprodución social nunha sociedade estratificada: a Galicia rural do século XIX”. En: Francisco Rodríguez Iglesias (ed.) *Galicia. Antropoloxía*. Vol. XXVI: *Artesanía. Sociedade*. A Coruña, Hércules Ediciones: 394-437.
- CARRÉ ALDAO, Uxío (1911) *Literatura Gallega*. Barcelona, Casa Editorial Maucci.
- (1991) *A imprenta e a prensa en Galicia*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- CASTRO, Rosalía de (1989) „Cantares gallegos”. En: *Obras Completas*. Vol.I. A Coruña, Hércules de Ediciones: 101-255.
- CHACÓN, Rafael (1986) “Os primeiros textos en prosa. Tres novos textos”. *Grial*. 93: 349-364.
- CHAO REGO, José (1988) *Para comprendermos Galicia*. Vigo, Galaxia.
- COSTA RICO, Antón (1989) *Escolas e mestres. A educación en Galicia: da Restauración a II República*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- DURÁN, J. A. (1972) *Historias de caciques, bandos e ideoloxías en la Galicia no urbana*. Madrid, Siglo XXI.
- FARIÑA JAMARDO, José (1981) *La parroquia rural en Galicia*. Madrid, Instituto de Estudios de Administración Local.
- FERCZ, Julian y NIEMCZYKOWA, Aleksandra (1976) *Wstęp do nauki o książce i bibliotece*. Varsovia, PWN.
- FERRO RUIBAL, Xesús (1987) *A Igrexa e a lingua galega*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- (1990) „Lingua galega e relixión”. *Grial* (Vigo). 107: 335-357.
- FIGUEROA, Antón (1988) *Diglosia e texto*. Vigo, Xerais.
- GŁOMBIEWSKI, Karol (1966) *Problemy historii czytelnictwa*. Wrocław, Wrocławskie Towarzystwo Naukowe.
- IGLESIA, Antonio de la (1977) *El idioma gallego: su antigüedad y vida*. Vol.I. La Coruña, La Voz de Galicia.
- IGLESIAS DOBARRIO, Baldomero; RIVAS CRUZ, Xosé Luis (1999) *Cantos, coplas e romances de cego* (2 vols.). Lugo, Ophiusa Ensino.
- JOSEPH, John E. (1987) *Eloquence and Power: The Rise of Language Standards and Standard Languages*. Londres, Frances Pinter.
- JUANA, Jesús de; PRADA, Xulio (1996) *Historia de Galicia*. Vol.V: *Galicia contemporánea*. Oleiros, Vía Láctea.
- LÓPEZ COIRA, Miguel María (1997) „Do texto oral ó contexto cultural. Perspectiva antropolóxica da tradición oral galega”. En: Francisco Rodríguez Iglesias (ed.) *Galicia. Antropoloxía*. Vol. XXVIII: *Imaxinario. Literatura popular*. A Coruña, Hércules Ediciones: 86-127.
- LÓPEZ MORÁN, Beatriz (1984) *El bandolerismo gallego*. Vigo, Xerais.
- MARIÑO PAZ, Ramón (1990) “Motivacións para o emprego de lingua galega na literatura política dos primeiros anos do século XIX”. *Grial* (Vigo). 105: 35-67.

- (1992) *Estudio fonético, ortográfico e morfolóxico de textos do prerrexurdimento galego [Microforma]: (1805-1837)*. Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico.
- (1998) *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- (2000) “O idioma galego na vida, na obra e na época de Juan Antonio Posse (1766-1854), Manuel Pardo de Andrade (1760-1832) e Francisco del Valle Inclán (1736-ca. 1808)”. *A Trabe de Ouro* (Santiago de Compostela). 41: 191-203.
- MARTÍNEZ BARBEITO, Carlos (1984) „Limiar”. En: José Fernández Neira *Proezas de Galicia, explicadas baxo a conversación rústica de los dos compadres Chinto y Mingo-te*. Pontevedra, Sociedade de Biliófilos Galegos: 13-26.
- MAURE, Xesús (1971) “Limiar”. En: Manuel Pardo de Andrade *¡Máscara fora!* Vigo, Edicións Castrelos: 7-22.
- MEIJIDE PARDO, Antonio (1960) *La emigración gallega intrapeninsular en el siglo XVIII*. Madrid, C.S.I.C.
- MENDÉZ FERRÍN, Xosé Luis (2005) *Conversas con Méndez Ferrín: historia, literatura, nación*. Vigo, Xerais.
- MILKOWSKI, Tadeusz (2006) *Kościół w społeczeństwie hiszpańskim XIX i XX wieku. Od mnichów na wojnie do wojny z mnichami*. Łask, Leksem.
- MONTEAGUDO, Enrique (1999) *Historia Social da lingua galega*. Vigo, Galaxia.
- MURGUÍA, Manuel (1925a [1910]) “Dama Gelda”. *Boletín de la Real Academia Gallega*. (A Coruña). 38: 37-40.
- (1925b [1915]) “Nuestro folk-lore”. *Boletín de la Real Academia Gallega*. (A Coruña). 99: 65-67.
- (2000) “Discurso nos Xogos Frorais de Tui”. En: *Escritos en galego*. Vigo, Galaxia.
- PARDO DE ANDRADE, Manuel (1989) *Los artículos del «Diario de Madrid» (1794-1800)*. La Coruña, Fundación Pedro Barrie de la Maza.
- PELORSON, Jean Marc (1982) “Cultura escrita y cultura popular”. En: Manuel Tuñón de Lara (dir.) *Historia de España*. Vol. V: *La frustración de un imperio*. Barcelona, Labor: 267-285.
- PENA, Xosé Ramón (1991) “Diálogo entre Dominjos e Farruco, sobre administrason de xusticia da sua aldea (Un texto esquecido de 1820)”. *A Trabe de Ouro* (Vigo). 8: 133-137.
- (1995) “Sigue la Tertulia en la Quintana, ó segundo diálogo entre los consabidos Andruco, Xacobe e Alberte (Texto esquecido de 1820)”. *A Trabe de Ouro* (Vigo). 21: 117-123.
- SÁNCHEZ ARANDA, José (1986) „La actividad periodística en la región vasco-navarra a principio del siglo XX”. En: Manuel Tuñón de Lara (dir.) *La prensa de los siglos XIX y XX. Metodología, ideología e información. Aspectos, económicos y tecnológicos*. Bilbao, Servicio Editorial de la Universidad del País Vasco: 485-492.
- SAURIN DE LA IGLESIA, María Rosa (1977) *Apuntes y documentos para una Historia de Galicia en el siglo XIX*. A Coruña, Diputación Provincial de La Coruña.
- TATO FONTAÍÑA, Laura (2000) „A casamenteira: contextualización e análise”. En: Antonio Benito Fandiño *A casamenteira*. Ourense, Linteo: 39-83.

- VELASCO SOUTO, Carlos F. (1993) “O campesiñado galego do século XIX nas fontes literarias e xudiciais: por unha revisión de certos tópicos tradicionais”. En: Jesús de Juana e Xavier Castro (eds.) *VII Xornadas de Historia de Galicia. Novas Fontes. Renovadas Historias*. Ourense, Servicio de Publicacións da Deputación Provincial: 73-89.
- VILLANUEVA, Carlos (1994) *Los villancicos gallegos*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.
- (2002) „Los villancicos de los siglos XVII y XVIII como crónica de la vida diaria”. En: *Universitas: Homenaje a Antonio Eiras Roel*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela: 203-216.
- VILLARES, Ramón (1992) *A Historia*. Vigo, Galaxia.
- (2004) *Historia de Galicia*. Vigo, Galaxia.